

## Asistentes:

### *Equipo decanal*

Alonso Bacigalupe, Luis  
Cruces Colado, Susana  
Del Pozo Triviño, Maribel  
Figuerola Dorrego, Jorge Juan  
González Álvarez, M<sup>a</sup> Dolores

### *Sector (A) Profesorado*

Agustín Guijarro, Javier de  
Álvarez Lugris, Alberto  
Baxter, Robert Neal  
Becerra Suárez, M<sup>a</sup> Carmen  
Bermúdez Montes, M<sup>a</sup> Teresa  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Candelas Colodrón, Manuel A.  
Chas Aguión, Antonio  
Cortés Gabaudán, Helena  
Dasilva Fernández, Xosé Manuel  
Fariña Busto, M<sup>a</sup> Jesús  
Fernández Álvarez, M. Santiago  
Fernández Ocampo, Anxo  
Fernández Rodríguez, Áurea  
Fernández Salgado, Xosé A.  
García González, Marta  
García-Miguel Gallego, José M<sup>a</sup>.  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
Ledo Lemos, Francisco José  
Lorenzo García, M<sup>a</sup> Lourdes  
Luna Alonso, Ana  
Luna Sellés, Carmen  
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
Montero Domínguez, Xoán  
Montero Küpper, Silvia  
Montero Reguera, José Francisco  
Navaza Blanco, Gonzalo  
Pereira Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Pérez Guerra, Javier  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
Ramallo Fernández, Fernando  
Ribao Pereira, Montserrat  
Rifón Sánchez, Antonio  
Ripoll Delebourne, Virginia  
Rodríguez Barcia, Susana  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Rodríguez, Beatriz  
Ruzicka Kenfel, Veljka  
Salceda Rodríguez, Hermes

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 18 de febreiro de 2019, luns, ás 12 h en convocatoria única no salón de actos da facultade**

Ábrese a sesión ás 12: 12h.

## ORDE DO DÍA

### 1. Informe do decano

O decano informa do seguintes asuntos:

- a. O equipo decanal está en funcións despois de que non se presentaran de candidaturas para as eleccións. Agora ten un prazo de 6 meses para por en marcha unha nova convocatoria electoral.
- b. Transmite o seu enorme agradecemento ao profesorado e alumnado que participou nas xornadas de orientación universitaria celebradas no campus de Vigo.
- c. Haberá probablemente unha nova xunta de Facultade o vindeiro venres 22, porque hai asuntos de que deben tramitarse con urxencia e teñen prazos límite diferentes.

### 2. Declaración de interese para modificación de títulos e para a proposta de novos títulos

O decano tivo unha xuntanza á que foi convocado de forma urxente para o pasado venres, co reitor, o vicerreitor de profesorado e organización académica, e o director de área do grao, e que inflúe na cuestión do envío de declaracións de interese.

Nesa xuntanza se lle transmite que hai un serio problema co grado CLEL xa que non atinxen as 50 matrículas, polo que corre o risco de desaparecer. De feito falouse da posibilidade de pechar o grao.

O día seguinte convocou ás direccións dos departamentos con docencia no grao para tratar este tema.

Sánchez Trigo, M<sup>a</sup> Elena  
Seijas Montero, María  
Seoane Posse, Elena C.  
Suárez Briones, Beatriz  
Sueiro Justel, Joaquín  
Veiga Díaz, M<sup>a</sup> Teresa  
Yuste Frías, José

**Sector (B) Profesorado**

Ferreiro Vázquez, Oscar  
Yáñez Bouza, Nuria

**Sector (C) Alumnado**

Bello Davila, Cristina  
Carrillo Rodríguez, Lara  
Pérez Álvarez, Raúl Manuel  
Veiga López, Daniel

**Sector (D) PAS**

Amosa Mendoza, Esther  
Iglesias van der Woude, Miguel  
Otero Rey, María Belén  
Santos García, Mercedes

**Desculpas e ausencias xustificadas**

Alonso Alonso, Rosa  
Anaya Revuelta, Inmaculada  
Báez Montero, Inmaculada C  
Baltrusch, Burghard  
Bringas López, Ana  
Cabeza Pereiro M<sup>a</sup> del Carmen  
Caneda Cabrera, M<sup>a</sup> Teresa  
Costas González, Xosé Henrique  
Díaz Fouces, Óscar  
Domínguez Castro, Luís  
Galanes Santos, Iolanda  
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel  
Martín Lucas, Belén  
Martínez Ínsua, Ana Elina  
Miquel Vergés, Joan  
Quilis Sanz, M<sup>a</sup> José

Valado Fernández, Liliana

**Ausencias sen xustificar**

Andrés Iglesias, Jesús  
Arias Freixedo, Xosé Bieito  
Angueira Viturro, Anxo  
Buceta Bugallo, Fuensanta  
Corvo Sánchez, M<sup>a</sup>. José  
Diz Ferreira, Jorge  
Fernández Berciano, Enya  
Fernández Pena, Yolanda  
Gamallo Valladares, Andrea  
García Fonte, Nuria  
Garrido Rodrigues, Carlos  
Gil Vicente, Alba

O decano recorda que este grao estaba acollido ao plan de viabilidade, pero solicitouse a declaración de singularidade saír deste plan de viabilidade e non ter que alcanzar 50 matrículas.. En 2017 enviouse o documento de solicitude, e non se volveron ter noticias. No consello de goberno de 14 novembro de 17 foi aprobada a singularidade de Enxeñaría de Minas e o informe positivo para o GCLEL. Transmitíuse certa confianza de que tamén sería declarada como singular. Non se tiveron máis noticias pero o terceiro informe necesario non foi favorable.

A Xunta de Galicia declarou de singularidade o Grao de Galego e Portugués da U. de Coruña e Filoloxía Galega da U. de Santiago pero non o da U. De Vigo. É bastante curioso que non se declarase singular a titulación cando dúas do norte de Galicia da mesma provincia si o teñen.

A sensación que ten o decano, é que se nos pide que fagamos algo, non por tanto por parte do goberno da U. de Vigo, senón da Xunta de Galicia. Hai varias posibilidades como converter o grao non presencial, ou cambiar de nome, por pouco transparente.

Desde a reitoría suxírense outras accións que consideran preferentes: ter un grao interuniversitario ou un semellante a Santiago (tronco común con maior e minor). Porén semellan parecer bastante complicadas. Ademais que pasaría con estudantado Erasmus que nunha boa maioría chega para estudar neste grao e no de GLE?

Para comezar deberíanse abordar estes e argumentos nun escrito (nome, módulos, etc.) e enviar declaración de interese para a modificación da memoria.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Miguel Cuevas. Teñen un grao en galego e outro en castelán, en Santiago. De implantar nós tamén os dous graos (interuniversitarios) cumpriríamos cos números.

Outra posibilidade sería una situación intermedia; graos que terían 90 créditos comúns (todo 1º e un semestre de 2º) e o resto diferenciados.

Rosa Pérez: a implantación de graos interuniversitarios semella arriscada. Nin Coruña nin Santiago teñen problemas de captación de alumnado. Para nós sería sumarnos ao grao de alguén. Hai que loitar por este grao, modifícalo, etc. pero non pechalo agora. En Lugo acaban de pechar un grupo de despois de 10 anos con moi pouco alumnado. Non parece que se trate igual a Vigo que as outras dúas universidades. Temos que insistir na singularice e facer una reforma, e non ser subsidiarios doutros graos. Só hai una promoción do GCLEL, e sen deixar tempo a ter unha perspectiva.

Gómez Guinovart, Fco. Xavier  
González Maestro, Jesús  
López González, María Rosa  
López Pais, Cristina  
Marcos Vázquez, Juan Antonio  
Nogueiras Justo, Francisco Manuel  
Parada Diéguez, Arturo  
Pereira Romasanta, Raquel  
Peres Rodrigues, José Henrique  
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo  
Rodríguez Vázquez, Rosalía  
Solla González, Amparo  
Soto Andión, Xosé  
Souto Rodal, Tania  
Torres Sotelo, Laura  
Urdiales Shaw, Martín  
Vega Martínez, Lucía

Joaquín Sueiro: Debemos loitar por este grao e a súa singularidade. O nome agocha a clase de estudos dos que se trata. Podería considerarse un obre grao en Tradución e ciencias da Linguaxe porque sempre hai un número importante de alumnado de TI que fai o mestrado de ensino secundario e que carece de coñecementos lingüísticos e literarios. Suporía ofrecer unha mellora para ao alumnado do grao.

Xosé María Gómez Clemente: Levamos cambiando títulos desde hai varios anos. Está a prol da modificación do título se sabemos que esta leva a unha nova verificación. Pódese manter unha estrutura modular. É fundamental basearnos na oferta de galego, español portugués e lingüística. Precisamos un discurso valente e apoio da vicerreitoría. Non está de acordo en modificar os graos LLEE e T/I.

Deberíanse manter os módulos optativos. O feito de non ofrecer todo non debería entrar dentro do normal.

José Montero: O problema é o mesmo, o nome. A U. de Vigo non pode non ter estudos de galego e de español. Somos herdeiros da titulación máis antiga de Vigo. Debemos traballar arreo para modificar un grao que pode funcionar.

Susana Rodríguez Barcia: o nome proposto non foi afortunado, aínda que reconece que foi ela quen o propuxo. Non funciona para atraer xa que non reflicte os contidos. Deberíase facer a declaración de interese para modificar o título. Os dobres graos funcionan. Facer máis semipresencialidade ou virtualidade.

Captación de alumnado: tiveron axudas extraordinarios os que se tiñan dificultades. No plan xeral de captación está contemplado. Posibilidade novo grao.

Xosé María quere que conste en acta que considera que o nome do grao non é una trapallada

Aroa: Respecto do nome hai dous problemas: hai xente que non sabe que se estuda neste grao e ademais é percibido como de ciencias, non de humanidades. Séntense inseguros con ese nome. Respecto dos módulos, ofrécese o de estudos lusófonos, e despois non hai máis que una materia e ningún módulo de lingüística. Hai catro inamovibles e só un máis que é escrita creativa. Deberíase reestruturar un pouco. Existe malestar xeral entre o alumnado e descontento co tema dos módulos.

O decano quere engadir que se trata de módulos de especialidade, non de listas de optativas.

Silvia Montero: É necesario de defender este grao, incluso mantendo a denominación. En canto á presencialidade non avogaría para nada por un grao virtual porque a docencia é totalmente diferente.

Neal Baxter: Hai problemas co nome do grao. Resulta máis fácil captar alumnado con etiquetas recoñecibles e por iso sería interesante recuperar a etiqueta filoloxía. En canto aos módulos considera que non se pode ofertar o que non se vai dar. Os dobres graos non son un curso máis, senón dous. Trátase de fundir dous grados ou ofertar dobres graos?

Alexandre Rodríguez Guerra: Xa se presentaron todos os argumentos. Quere que se aprobe a declaración da solicitude de declaración de singularidade.

Estamos nuns meses cruciais. Saen moitas ideas, e non hai que esquecer que temos que facer todo o posible para a captación de alumnado e solicitar un verdadeiro apoio da vicerreitoría.

Esther Amosa: Está de acordo con expresado por Alexandre Rodríguez. Habería que gravar vídeos coa experiencia do alumnado e facer labor de captación.

Tras a rolda de intervencións, o decano solicita que se vote a aprobación da solicitude de interese para a modificación do título de GCLEL. Apróbase por asentimento.

Solicitude de declaración de interese para a Modificación do título de máster que se implantará en 20/21: Máster en Lingüística Aplicada. Cambiará a universidade coordinadora (será a de Coruña) e faranse modificacións para que se poida simultanear co Máster de Ensino Secundario. Apróbase por asentimento.

Solicitude de declaración de interese de novos títulos de máster: “Máster de Formación de Profesorado de Español como Lengua Extranjera”. Director Miguel Cuevas. Non hai ningunha no SUG similar. Outros que existen noutras comunidades ofrecen poucas prazas e queda moito alumnado fora.

Só se deixan implantar novos mestrados se se extinguen outros. Neste caso extingúíronse dou sen por un novo en marcha.

Carmen Becerra pregunta se vai haber votación. Ela quere que conste que se abstén. Procédese entón á votación. O resultados son:

24 favor

0 contra

1 abstención (Carmen Becerra)

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.46 horas.

Vigo, 22 de febreiro de 2019

Visto e prace do Decano                      A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado  
segundo o disposto polos artigos 6 e 7  
do *Regulamento Interno da FFI*, 67 dos  
*Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e  
27 da *Ley de Régimen Jurídico de las  
Administraciones Públicas y del  
Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na  
sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de  
2018.

A Secretaria da Facultade

Susana Cruces Colado